



28 | XANEIRO 2020

**NUMAX
PRESENTA:**



**NUMAX
NA ESCOLA**

Sesións matinais de cinema
para o alumnado adaptadas
a todos os niveis de ensino.

Información e reservas
escola@numax.org

**CATÁLOGO
2020
RENOVADO**

Librería



Cómo ser famosa
Caitlin Moran
ANAGRAMA
20,90 €



La vida sin maquillaje
Maryse Condé
IMPEDIMENTA
22,50 €



Los recuerdos del porvenir
Elena Garro
ALFAGUARA
18,90 €




El buen soldado
F. Madox Ford
SEXTO PISO
19,90 €



Instantáneas
Claudio Magris
ANAGRAMA
17,90 €



Confesiones de una editora poco mentirosa
Esther Tusquets
LUMEN 16,90 €



Un cinéfilo en el Vaticano
Román Gubern
ANAGRAMA
9,90 €



Sexual Personae
Camille Paglia
DEUSTO 23,95 €



Birimbao. Poemas de mí para ti
Celso Emilio Ferreiro
XERAIS 18,80 €

Presentacións



XOV 9 | 19:30
Carrusel, de Berta Dávila,
con Carlos Lema, Daniel Salgado
e Estibaliz Espinosa



LUN 27 | 20:00
Exponer o exponerse. La educación en
museos como producción cultural crítica,
con Belén Sola Pizarro e Fran Quiroga

**AMALIA
XATEN O SEU
ABONO
REDUCIDO**

E ti, a que
agardas para
abonarte?

Se ti xa es de NUMAX
e queres compartilo,
fai unha foto co teu
abono e compártea.
#eusondenumax

HORARIOS

Librería

Luns De 17:15 a 22:00.
Martes a venres
De 10:30 a 14:00 e 15:30 a 22:00.
Sábados, domingos e festivos
De 11:00 a 14:00 e 15:30 a 22:00.

Cinema

Consultar carteleira.
Pódense mercar entradas
anticipadas na billeteira
do cinema ou na nosa web
www.numax.org

NUMAX

Concepción Arenal, 9 baixo
Santiago de Compostela
www.numax.org

EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Co patrocinio de
**AAAAAA Agencia
GGGGGG Gráfica**



Mujercitas
Louisa May Alcott
LUMEN, 29,90 €

MULLERIÑAS

ESTREA 1 XAN

Greta Gerwig, 135', ING, VOSE, TP
Con Saoirse Ronan, Emma Watson

Tras a Guerra de Secesión estadounidense, catro irmás decididas a vivir a vida segundo as súas propias normas deben enfrontarse ao reto de chegaren á idade adulta.

Nomeada Mellor Actriz e Música Globos de Ouro 2020



Yo acuso.
La verdad en marcha
Émile Zola
TUSQUETS, 7,95€

O OFICIAL E O ESPÍA

ESTREA 1 XAN

Roman Polanski, 126', FR, VOSE, +12
Con Jean Dujardin, Louis Garrel

O oficial xudeu Alfred Dreyfus é degradado acusado de espía para Alemaña e condeado a cadea perpetua na Illa do Diaño. Entre as testemuñas causantes da condena atópase Georges Picquart, xefe da contraintelixencia.

Gran Premio do Xurado e FIPRESCI Venecia 2019



PAVAROTTI

ESTREA 10 XAN

Ron Howard, 114', ING-IT, VOSE, +7
Documental sobre o mítico cantante de ópera italiano Luciano Pavarotti (1935-2007), un dos mellores tenores de todos os tempos cuxa vida estivo chea de altibaixos e contradicións.



OS CONSELLOS DE ALICE

ESTREA 17 XAN

Nicolas Pariser, 105', FR, VOSE, TP
Con Fabrice Luchini, Anaïs Demoustier

O alcalde de Lyon, Paul Théraneau, atópase nunha posición delicada. Tras pasar 30 anos en política sofre un baleiro existencial e queda sen ideas. Para superalo contrata unha brillante filósofa, a moza Alice Heilmann.

Premio Europa Cinemas Cannes 2019



DEUS É MULLER E CHÁMASE PETRUNYA


ESTREA 24 XAN

Teona Strugar Mitevska, 100', MK, VOSE
Con Zorica Nusheva, Labina Mitevska

Cada mes de xaneiro nunha aldea o sacerdote bota unha cruz de madeira ao río e centos de homes se lanza á auga por ela. quen se faga con ela terá garantida a boa sorte todo o ano. Pero desta volta a cruz cóllea unha muller: Petrunya.

Premio LUX 2019

Premio do Xurado Ecuménico Berliane 2019



EMA ESTREA 24 XAN

Pablo Larraín, 102', ESP, VO

Con Mariana Di Girolamo, Gael García Bernal

Ema, unha moza bailarina, decide separarse de Gastón logo de entregar a Polo en adopción, o fillo que ambos adoptaran previamente. Desesperada busca novos amores para aplacar a súa culpa. Porén, ten un plan secreto para recuperar todo.

Sección Oficial Venecia 2019



UN AMIGO EXTRAORDINARIO

ESTREA 31 XAN

Marielle Heller, 108', ING, VOSE
Con Tom Hanks, Matthew Rhys

Biopic de Fred Rogers, creador e presentador dun coñecido programa de televisión para crianzas dos anos sesenta nos Estados Unidos.

Nomeado Mellor Actor Globos de Ouro 2020

Filme do mes



O FARO ESTREA 17 XAN

Robert Eggers, 110', ING, VOSE, +16
Con Willem Dafoe, Robert Pattinson

Old é un fareiro dunha misteriosa illa perdida de Nova Inglaterra que comeza a avellentarse. A tranquilidade na que parece que se vai sumir a súa vida vese alterada cando un evento sobrenatural, relacionado con algúns dos mitos mariños máis coñecidos, chega desde a costa.

Premio FIPRESCI Cannes 2019



A LAGOA DO GANSO SALVAXE


ESTREA 31 XAN

Diao Yinan, 117', CHI, VOSE
Con Gwei Lun-Mei, Hu Ge

Nada máis saír da cadea, o gánster Zhou Zenong vese involucrado nunha pelexa entre bandas na que morre un policía, converténdose en fuxitivo. Na procura de acubillo coñece a Liu Aiai, unha prostituta en quen non sabe se pode confiar.

Sección Oficial Cannes 2019

Estrea Petís NUMAX



A GALIÑA TURULECA

ESTREA 2 XAN

Eduardo Gondell / Víctor Monigote, 80', GAL, VO

Turuleca é unha galiña singular. O seu peculiar aspecto desata as burlas do resto do galiñeiro até que un día descobre o seu gran talento oculto: non só pode falar, senón que canta como xamais ouviches cantar a unha galiña!

Os ollos verdes O cinema inédito de NUMAX



i Presentación e coloquio Intermón Oxfam

SEN TEITO

PASE ÚNICO 13 XAN

Xesc Cabot / Pep Garrido, 97', CAT, VOSE
Con Enric Molina, Laia Llamazares

Juan, un sen teito que malvive vendendo debuxos a turistas, decide abandonar a súa rutina de alcol e violencia nas rúas de Barcelona e emprender unha viaxe sobrehumana cara a un destino que só el coñece.

Relumes Xixón 2019